




MATERIAIS DE DEBATE

VIª ASAMBLEA ANUAL
SANTIAGO 28 XANEIRO - 89



UN MODELO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA O SISTEMA EDUCATIVO GALEGO

A Asociación Pedagóxica NOVA ESCOLA GALEGA organizou nos días 23-24 de abril de 1988 na cidade de Santiago unhas Primeiras Xornadas de NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, para debati-la problemática que actualmente plantexa o proceso de normalización lingüística no sistema educativo en Galicia.

Froito daquelas Xornadas e dos intensos debates realizados posteriormente por un amplo Equipo de Estudio da Asociación son as Conclusións que aquí presentamos, a modo de Documento-Marco, coa intención de favorecer unha conveniente clarificación desde a racionalidade pedagóxica e socio-lingüística e aínda mesmo unha extensa converxencia abranguedora de variados sectores da sociedade galega arredor delas.

1.- TRES CONSIDERACIÓNS PREVIAS

1.1.- Análise da situación actual :

- A/ A realidade lingüística de Galicia.
- B/ O marco legal .
- C/ A lingua galega no ensino: lexislación e datos da realidade.

1.2.- Unha aproximación ós modelos de educación bilingüe en medios diglósicos.

1.3.- A necesidade do deseño dun modelo de normalización .

2.- O QUE ENTENDEMOS POR NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO ENSINO.

3.- AS LINAS OU EIXES FUNDAMENTAIS DO MODELO.

4.- PROCESO A SEGUIR PARA A POSTA EN PRACTICA DO MODELO.

4.1.- O pael da Administración Educativa .

4.2.- A aplicación do modelo nos primeiros anos de escolaridade.

4.3.- A aplicación do modelo nos restantes anos do Ensino Primario.

4.4.- A aplicación do modelo na etapa Secundaria Obrigatoria.

4.5.- Estratexia a seguir durante a etapa de transición.

1.- Tres consideracións previas

1.1.- Análise da situación actual

A) A realidade lingüística de Galicia

1.1.1.* A observación da realidade galega actual permítenos constatar que hoxe existen na nosa sociedade dúas linguas en contacto: o galego e o castelán.

O galego é a lingua propia do noso país, a que naceu nesta terra ó tempo que o facían as outras linguas romances nas diversas rexións do que fora o imperio romano.

O castelán é de introducción moito máis serodia (finais do século XV) e cuantitativamente minoritaria ata datas recentes (anos 40).

1.1.2.* A distribución das dúas linguas dentro da sociedade é moi complexa, incidindo nela factores como a distribución territorial, a idade, o nivel cultural, o estatus socio-económico, etc.

Pódese dicir que hoxe inda é maioría a xente deste país que ten o galego como lingua de instalación, inda que faga un uso maior ou menor, en función das circunstancias sociais, da outra lingua.

A tendencia actual, coas condicións que a continuación analizamos, indica unha diminución porcentual das persoas galego-falantes, coa paralela asimilación por parte do castelán.

1.1.3.* A situación sociolingüística en Galicia pode calificarse, no esencial, como unha situación diglósica.

Pero trátase dunha diglosia inestable, non cristalizada, o que xera unha situación de conflito lingüístico.

Esta diglosia é doadamente constable nos hábitos lingüísticos dunha boa parte da poboación galega, que non fai un mesmo uso das dúas linguas.

Isto lévanos a considera-lo equivocado do término "bilingüismo" para caracterizala situación actual. E isto por dúas razóns: a primeira, porque desde unha perspectiva científica o término bilingüismo nunca ten unha dimensión social, senón

individual: non existen sociedades bilingües, inda que si poden existir individuos bilingües; a segunda, porque inda tendo en conta a primeira razón, os comportamentos individuais das persoas que en Galicia utilizan as dúas linguas só se poden calificar de bilingües en moi contadas ocasións; na meirande parte dos casos teñen unha dimensión diglósica.

1.4. * O conflito lingüístico ven dado porque existen hoxe amplos grupos sociais que, dun xeito máis ou menos intenso, teñen unha vontade de normaliza-la lingua propia do país, o que implica a ruptura da situación diglósica. Pola contra, outros sectores (minoritarios, pero cualitativamente importantes polas plataformas públicas ás que teñen acceso) son abertamente partidarios da desaparición da lingua galega, coa conseguinte asimilación lingüística por parte do castelán (obviamente, non dun xeito traumático, senón deixando que se continúe a situación diglósica actual)

1.5.* Tres son os grandes sectores que cómpre considerar ó trata-lo tema da normalización: o eido político (concretado na lexislación sobre o tema), o eido educativo e o eido dos medios de comunicación. Dado que os dous primeiros se tratan nos seguintes apartados, cómpre dicir aquí unhas palabras sobre os mass-media. Os medios de comunicación existentes na sociedade galega son, en xeral, non normalizadores. Hai algúns plenamente antinormalizadores (é dicir, que manteñen unha actitude combativa diante da normalización) e outros que, en maior ou menor medida, manifestan un apoio ó labor normalizador. No que fai referencia ó idioma empregado, hai que salientar que nos medios escritos a presenza do galego é abertamente minoritaria. Nos medios audiovisuais, a aparición de RTVG veu modificar un panorama que, se se exceptúan estes medios autonómicos, é moi semellante ó dos medios escritos. Esta non normalización dos mass media é un factor que incide poderosamente en todo o entramado social.

B) O marco legal

1.1.6. * O secular non recoñecemento legal que padeceu o galego rematou coa transformación política posterior ó remate da dictadura, en 1975. O recoñecemento de dereitos e liberdades, consustancial a todo réxime democrático, fixo que se tivese en conta, polo menos nalgunha medida, a necesidade de recoñece-la realidade lingüística. Así, na Constitución (1978) e no Estatuto de Autonomía (1981), aparece o recoñecemento da lingua galega como propia e oficial de Galicia:

- . "a lingua propia de Galicia é o galego" (art. 5)
- . "é competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia a promoción e o ensino da lingua galega" (art. 27.20)

1.1.7 * Un desenvolvemento importante foi o que fixo o Parlamento de Galicia, ó aproba-la Lei de Normalización Lingüística (xuño, 1983). Aí xa se concretaban importantes avances legais e que poderían servir, de haber vontade de levalos á práctica, para camiñar cara á normalización da lingua:

- . "o galego, como lingua propia de Galicia, é tamén lingua oficial no ensino en tódolos niveis educativos".
- . "Os nenos teñen dereito a recibir-lo primeiro ensino na súa lingua materna".
- . "As autoridades educativas da Comunidade Autónoma de Galicia arbitrarán as medidas encamiñadas a promove-lo uso progresivo do galego no ensino".
- . "As autoridades educativas da Comunidade Autónoma garantirán que ó remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, os alumnos coñezan este, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán".

1.1.8. * Isto desenvolveuse dun xeito concreto, ata o presente, nalgúns Decretos e nalgunhas ordes que son claramente insuficientes. Case seis anos despois da aprobación da Lei hai que dicir que son moi escasos os avances no proceso de normalización e que a intervención a prol da mesma por parte do poder político é abertamente insuficiente. Entendemos que non existe unha auténtica política normalizadora, nin por parte da Xunta de Galicia e a súa Administración, nin

tampouco por parte das outras administracións públicas de Galicia. No seu lugar existen actuacións puntuais, precarias, discontinuas e descoordenadas.

C) A lingua galega no ensino: lexislación e datos da realidade

9. * A Lei de Normalización Lingüística, no que se refire ó ensino, desenvolveuse a través dun Decreto e dunha Orde (setembro 83). Alí, xeralizábase con carácter obrigatorio o estudio da lingua galega (estudio que xa viña dos anos do chamado Decreto de Bilingüismo, en 1979) e deixábase a porta aberta para que, voluntariamente, se puidese utilizar total ou parcialmente o galego como lingua vehicular.
10. * En agosto do 1986 houbo, desde a Dirección Xeral de Política Lingüística, un intento de avanzar un paso máis no camiño normalizador, promulgando un Decreto no que se xeralizaba a obrigatoriedade de impartir en galego a área de Sociais nos Ciclos Medio e Superior de EXB e de dúas asignaturas no Ensino Medio. Este Decreto foi contestado por sectores minoritarios da sociedade galega e recurrido diante do Tribunal Constitucional, que introduciu matices nesa obrigatoriedade.
11. * Na actualidade, o grao de cumprimento deste Decreto, así como doutros aspectos da Orde do 83, é só parcial, inda que a tendencia é ó medre. De calquera xeito, hai que dicir que é moi variada a situación dos Centros respecto á normalización, e vai desde a existencia de Centros nos que a Lingua Galega é tratada como unha área de baixo estatus, incumplindo mesmo a normativa legal, ata a existencia de Centros nos que se constata unha clara vontade normalizadora por parte dos membros da comunidade educativa, e que se traduce na utilización do galego como a lingua vehicular de tódalas actividades escolares.
12. * Desde a Administración, a través da Dirección Xeral de Política Lingüística, houbo un conxunto de actuacións con resultados e valoracións moi desiguais: cursos para profesores dos distintos niveis, elaboración de diferentes materiais,

apoio a diversas liñas de investigación, etc. Pero, máis alá do esforzo da Dirección Xeral, está a pouquedade de medios materiais e humanos con que está dotada e que fai imposible unha acción eficaz.

1.13. * De todos xeitos, o máis salientable desde unha perspectiva legal, é a ausencia dunha planificación procesual encamiñada a conseguir unhas meirandes cotas de normalización no ensino.

A experiencia obtida despois destes anos de aplicación das normativas sobre o ensino "do" e "en" galego, con todo o que levou aparelado (a capacitación do profesorado, os programs legais, os libros de texto e outros materiais, etc) aconsellan como imprescindible a elaboración dese modelo procesual e das estratexias precisas e planificadas, para poder camiñar cara á normalización do sistema educativo galego.

Hai que ter en conta, ademais, que a consideración social diglósica existente na sociedade, asociando a lingua galega a imaxes de rémora antimodernizadora, de subdesenvolvemento e de ruralismo, incide efectivamente nese escaso avance normalizador. Por iso, o tratamento de simple equiparación formalizante do galego co castelán, na actual situación social das dúas linguas, non propicia en absoluto a normalización.

1.2.- Unha aproximación ós modelos de educación bilingüe en medios diglósicos

- 1.2.1.* Nos últimos 25 anos incrementouse notablemente a literatura científica sobre o tema dos modelos de educación bilingüe e/ou multicultural. Eses estudos, inda que fan referencia a outros países con situacións diferentes do noso (distinto nivel económico, diversa evolución histórica, diferentes réximes políticos, etc), teñen en común con nós o feito de se trataren de medios diglósicos: unha das linguas con situación de maior prestixio social e a outra con escaso prestixio ou mesmo desprestixio social. E isto, obviamente, con independencia de que linguas sexan, xa que -como se sabe- a valoración social non é inherente ás linguas e unha mesma lingua pode se-la de prestixio nunha sociedade e, ó tempo, se-la minusvalorada noutra.
- 1.2.2.* Non imos pretender aquí pasar revista a todo o moi numeroso corpus científico, xa que non é este o lugar para iso nin, por outra banda, está todo el á nosa disposición. Pero si tentaremos extraer-las ideas fundamentais que, ó longo destas décadas, foron sendo aceptadas como válidas e xeralizables ás diversas situacións.
- 1.2.3.* Así, parécenos do meirande interese indicar que calquera programa de ensino bilingüe non pode facer abstracción da realidade social das linguas en cuestión, xa que esta realidade é unha das variables que máis significativamente incide nos resultados dese programa.
- 1.2.4.* Nun programa de ensino bilingüe é fundamental a definición do obxectivo último a acadar, que pode ser un destes dous: ou ben un programa destinado a asimilar ós falantes da lingua de baixo estatus, para integralos na lingua de estatus alto, ou ben un programa destinado a normaliza-la lingua de baixo estatus. Esta normalización pode ter como obxectivo a consecución dunha sociedade multicultural e multilingüe ou ben a consecución dunha sociedade na que esa lingua pase a se-la de instalación da xeralidade dos seus membros, facendo a(s) outra(s) lingua(s) o papel de lingua de relación.

1.2.5. * Os programas de ensino bilingüe que buscan a asimilación foron estudiados por Fishman e Lovas, que os estudiaaron co nome de "bilingüismo de transición" e "bilingüismo complementario". Nos primeiros, o obxectivo é que as persoas que teñan como L₁ a lingua de baixo estatus sexan escolarizados nos primeiros anos na súa lingua, para logo posteriormente pasar a recibilo ensino na lingua "alta", favorecendo así unha asimilación rápida e non traumática. Nos segundos, empréganse para o ensino as dúas linguas, pero a "baixa" só para asignaturas de carácter culturalista, deixando a "alta" para as asignaturas científicas. Refórzase así a diglosia e, a longo prazo, consíguese a asimilación.

1.2.6. * Con todo, os estudos de meirande interese son os de Lambert, no Canadá francófono. A el lle debemos os términos de "bilingüismo aditivo" e "bilingüismo sustractivo", claves para entende-lo tema que nos ocupa.

De acordo con isto, o bilingüismo é de carácter aditivo cando unha persoa que ten unha determinada L₁ aprende outra lingua como L₂ sen por iso perder competencia ningunha na súa L₁. Pola contra, o bilingüismo é de carácter sustractivo cando unha persoa que ten unha determinada L₁, ó ser escolarizado noutra lingua, perde competencia na súa L₁ e tampouco acada unha competencia plena na L₂ obxecto de estudio.

Para entende-lo porqué desta diferenza hai que considera-la situación social das linguas. Así, o bilingüismo é de carácter aditivo nos seguintes casos: cando unha persoa que ten como L₁ a lingua de prestixio recibe o seu ensino a través de L₂, de menor prestixio. Tamén, cando unha persoa que ten como L₁ a de menor prestixio recibe o ensino nesa lingua e só se lle introduce a L₂ cando ten a súa competencia na L₁ plenamente consolidada, e sen abandonar nunca a utilización escolar da L₁. Enténdese que se está nunha situación de bilingüismo sustractivo cando unha persoa que ten como L₁ a de menor prestixio é escolarizado nun sistema no que se utiliza para o ensino a lingua de prestixio, total ou parcialmente. Nestes casos, o que se consegue é que se perde competencia na lingua propia, con sentimentos di-

glósicos hacia ela, e non se acadá tampouco unha competencia na lingua de prestixio, xa que para adquirir competencia nunha segunda lingua é condición imprescindible acadala previamente na propia. A esta última situación, que non nos resulta descoñecida en Galicia, chamoulle Lambert semilingüismo.

- 1.2.7 * Parece evidente a consecuencia práctica destas consideracións, que Lambert resume así: "naquelas comunidades nas que hai un amplo e consciente desexo de conseguir unha sociedade bilingüe, debe darse prioridade a aquelas linguas que teñen máis posibilidade de se deixar descoidadas". O que ven coincidir co que é evidente: que non se pode tratar con igualdade a individuos de linguas que teñen unha situación desigual e que hai que exercer unha discriminación positiva sobre a lingua de baixa consideración social.
- 1.2.8. * Os programas de inmersión, ideados por Lambert, naceron a partir destes estudos. Considerouse que estes programas, nos que nenos que tiñan como L₁ a socialmente prestixiada iniciaban a súa escolarización na L₂ e prolongábanse durante os primeiros anos da escolaridade, eran o camiño ideal para conseguir persoas competentes nas dúas linguas. Nefeuto, eses nenos non perdían competencia na súa L₁, xa que a seguían recibindo a través da familia e da sociedade, e, ademais, adquirirían competencia plena na L₂ na que foran escolarizados. E todo isto sendo linguas intrinsecamente alonxadas, como pode se-lo caso do francés e do inglés nas experiencias de Lambert.
- 1.2.9. * Estes programas de inmersión, que xa se experimentaron noutras situacións e que se están a aplicar desde hai poucos anos en Cataluña, son a mellor maneira de conseguir que os nenos castelán falantes (referíndonos xa ó noso caso) acaden unha competencia plena no galego (sen por iso perde-la súa competencia no castelán).
- 1.2.10 * Tense dito, en ocasións, que algo parecido foi o que se fixo cos nenos galego falantes cando se lles escolarizaba (cu se lles escolariza) en castelán, razonando entón que ese proceso non é malo. Pero un programa así non se chama de inmersión,

senón de submersión. Porque os programas de submersión son aqueles que escolarizan a nenos que teñen como L1 a lingua non prestixiada nun ensino no que se utiliza como lingua vehicular a socialmente prestixiada. Os resultados, como dixemos anteriormente, son radicalmente opostos ós de inmersión: perde competencia na lingua propia, reforza os sentimentos de minusvaloración hacia ela e, ademais non acadada tampouco unha boa competencia na lingua usada no ensino.

Os programas de inmersión e submersión, por tanto, sendo superficialmente moi semellantes, son radicalmente opostos.

1.2.11. * Os traballos de Cummins veñen complementar e aportar nova forza ás teses de Lambert. Segundo Cummins, se o neno que asiste á escola pertence a unha familia ou grupo social que desvaloriza a propia lingua e se lle impele a usa-la lingua de prestixio, e só esta lingua, para as funcións cognitivas, o que se fai é coartar-lo seu desenvolvemento lingüístico, con resultados negativos para as dúas linguas. Ocorre que, falta de estímulos, non desenvolve axeitadamente as estruturas lingüístico-cognitivas na lingua propia e, falta deste apoio previo, non chega a estruturar tampouco a segunda lingua.

Noutras palabras, se a educación bilingüe pode favorecer en principio a flexibilidade cognitiva, a creatividade, o pensamento diverxente e o conxunto de habilidades lingüísticas, en contextos sociolingüísticos semellantes ó noso téñense detectado consecuencias cognitivas e lingüísticas negativas pola implementación dunha educación infantil pretendidamente bilingüe (pero que esqueceu a valoración social das linguas), producindo fallos na competencia lingüística, con repercusións observables nas dificultades de aprendizaxe e no desenvolvemento emocional e da personalidade.

1.2.12* Hai unha constante que se repite nos estudos sobre bilingüismo e é a importancia da motivación, decisiva para o éxito dos mesmos. O desexo de aprender a lingua que está socialmente minusvalorada, por parte dos que teñen como L1 a prestigiada, é decisivo para que se consiga ese obxectivo. Nos que teñen como L1 a lingua minusvalorada esa motivación xa adoita aparecer espontaneamente, pola presión social.

Por iso, en calquera programa de educación bilingüe que se deseñe, os aspectos motivacionais e a superación de estereotipos negativos e prexuícios respecto á lingua considerada inferior teñen unha importancia decisiva e debe haber unha planificación dos mesmos.

1.3.- A necesidade do deseño dun modelo de normalización

- 1.3.1 * Resulta evidente, logo das anteriores consideracións, que a normalización lingüística no ensino é un obxectivo imprescindible para a consecución dunha escola democrática e integradora. E esa normalización lingüística no ensino non se vai acadar dun xeito espontáneo e voluntarista; precisa dunha planificación, deseñada e asumida polo sistema educativo. E dicir: precisa dun modelo de normalización. Ese modelo debe ter en conta a complexidade da realidade actual, e nel deben estar contempladas as grandes liñas polas que debe discorrer o proceso normalizador, así como a temporalización das mesmas.
- 1.3.2 * Porque, hoxe por hoxe, o modelo non existe, alomenos dunha forma explícita. Existen, iso si, os grandes obxectivos marcados pola Lei de Normalización, pero non hai os camiños para facelos efectivos na práctica. Parece evidente, á luz dos estudos sobre o tema e da constatación práctica que estes anos permiten, que o ensino da lingua e a utilización moi restrinxida da mesma como lingua vehicular, só poden levar a uns resultados moi semellantes ó bilingüismo de transición e complementario, por usa-la terminoloxía de Fishman. Pero nunca a conseguir persoas competentes nas dúas linguas, condición imprescindible para unha normalización efectiva.
- 1.3.3 * Así, se de verdade se quere conseguir que o sistema educativo faga ós alumnos competentes nas dúas linguas, paso imprescindible para a normalización lingüística, é preciso que haxa unha forte discriminación positiva a favor da lingua socialmente minusvalorada, posición que, na nosa sociedade diglósica, é ocupada polo galego. E esa discriminación positiva precisa dun modelo oficial normalizador, que debe incluír, como dixemos anteriormente, as estratexias necesarias para a súa aplicación, e ademais as grandes liñas de actuación social destinadas ó conxunto da sociedade, buscando unha actuación pedagóxico-divulgativa sobre a necesidade do modelo. Actuación que, ó tempo, serviría para contrarrestar tódolos aprioris e falsos conceptos que a situación diglósica relaciona coa nosa lingua e, por extensión, coa súa uti-

lización no ensino.

Porque non hai que esquecer, finalmente, que só na medida en que unha comunidade lingüística e cultural estea disposta a mante-la súa identidade a pesar de se integrar nunha estrutura social e cultural máis ampla, poderá establecer e facer seu un sistema educativo no que o tratamento das linguas non poña en perigo a súa propia identidade, senón que favoreza o seu mantemento e consolidación.

2.- O que entendemos por normalización lingüística no ensino

- 2.1. Pódese dicir que existiría unha situación de normalización lingüística no ensino cando a lingua de instalación (é dicir, a empregada en tódolos contextos e en tódalas situacións) fose o galego, en tódolos niveis educativos.
- 2.2. Se temos en conta que, na actualidade, se dan na sociedade galega unha ampla gama de diversas situacións lingüísticas, que é mester ter en conta, entendemos que conseguila normalización lingüística no ensino supón chegar a unha situación na que, a partir dunha certa idade, a lingua de instalación no ámbito escolar sexa o galego. Isto presupón que a competencia lingüística de tódolos seus membros, alomenos a partir desa idade, é suficiente para permitir esa situación.
- 2.3. Esta consideración da lingua galega como lingua de instalación debe verse complementada pola adquisición e o dominio do castelán por parte de tódolos escolares, como lingua de relación no Estado español. Así mesmo, o sistema educativo terá que garantir a aprendizaxe dunha terceira lingua, en atención ó logro dunha educación plurilingüe demandada pola realidade e o contexto social.
- 2.4. Esta normalización lingüística no ensino non é algo que se poda conseguir dun día para outro. É mester considerar un proceso, que debe atender á realidade socio-lingüística presente na sociedade, e que debe ter unha cuidadosa planificación e aplicación, de acordo cun modelo de normalización, soporte teórico do proceso, que é o que expoñemos nos seguintes apartados.

3.- As liñas ou eixes fundamentais do modelo

1. * En primeiro lugar, o modelo debe de contemplar todo o sistema educativo galego, tendo unha dimensión xeralizadora. Isto implica que debe ser asumido como tal pola Consellería de Educación e, máis alá, polo Goberno e o Parlamento de Galicia. Des- te xeito estarán garantizadas a necesaria coherencia e continuidade do mesmo, o desenvolvemento lexislativo complementario e os precisos recursos humanos e mate- riais.

2. * O modelo, tanto nas súas bases teóricas como nas súas estratexias de aplicación, debe ter unha dimensión científica contrastada.

Inda que somos conscientes de que as dificultades no proceso normalizador non proveñen fundamentalmente dunha insuficiencia científica, nin tan sequera dunha ausencia de modelo, senón da falta de vontade política para impulsalo e dotalo dos medios necesarios, cremos que é fundamental que todo o proceso se realice con criterios científicos.

Neste sentido, hai que dicir que son numerosos os traballos teóricos e prácti- cos, referidos a contextos semellantes ó noso, que proporcionan unha experiencia suficientemente contrastada e que debemos ter en conta.

3. * O modelo debe contemplar (ademais do contexto social no que se vai desenvolver, e que vimos de analizar sucintamente no primeiro apartado deste traballo) as distin- tas realidades lingüísticas existentes entre os nosos nenos e nenas. Inda que se po- dería facer unha tipoloxía máis complexa, entendemos que estas realidades poden clasificarse en catro grandes tipos:

a) monolingües en galego: serían aqueles que falan habitualmente en galego, inda que entenden ben o castelán, podendo expresarse oralmente nel (con maior ou menor corrección, en función de diferentes factores).

b) monolingües en castelán: serían aqueles que falan habitualmente en castelán, sendo incapaces de se expresar en galego.

c) castelán falantes aparentes, que teñen pais que son galego falantes: entendemos que pertencen a este grupo aqueles nenos que falan en galego "traducido", ou sexa, ese peculiar "castelán" con estruturas sintácticas galegas. Obviamente, estes nenos son o froito dos pais que, tendo o galego como lingua propia, lles falan en "castelán" ós seus fillos.

d) castelán falantes aparentes, que teñen pais que tamén son castelán falantes aparentes. Observarase que este grupo é semellante ó anterior. A diferenza está en que o abandono do galego como lingua habitual xa se dá na xeración anterior á dos fillos.

3.4. * O modelo, no seu deseño, debe fixar un punto terminal normalizador. É dicir, un momento temporal no que se entende que tódolos alumnos acadaron a competencia lingüística necesaria para facer posible que o galego pase a ser a lingua de instalación.

Ese momento cremos que debiera ser ós 12 anos, coincidindo co inicio do que está previsto que sexa, na proxectada Reforma educativa, a Secundaria Obrigatoria.

Naturalmente, naqueles Centros nos que ese punto normalizador se poda acadar con anterioridade (haberá, como veremos posteriormente, Centros nos que o momento normalizador se poda contemplar desde o inicio mesmo da escolarización), non será necesario agardar a ese momento fixado nos 12 anos, que se debe entender como o momento temporal máis dilatado a considerar.

3.5. * Isto implica que nas etapas anteriores (Educación Infantil, Educación Primaria) debe darse unha progresiva liña de normalización que, partindo das distintas situacións iniciais consideradas, teña como obxectivo ese punto terminal normalizador xa citado.

3.6. * O modelo debe contemplar asimesmo as situacións de transición que se darán ata o momento de aplicación plena do mesmo. Haberá, xa que logo, que considerar unha estratexia específica para os nenos e nenas que xa están no sistema educativo no momento marcado para o inicio do modelo.

3.7. * A comunidade educativa de cada Centro, a través do seu Consello EScolar, xoga un importante papel neste proceso normalizador. Cremos que debe participar activamente na definición, elaboración e posta en práctica das estratexias que leven, a partir da súa situación específica, ó punto terminal normalizador.

O seu papel será básico, por tanto, á hora de decidi-los peculiares ritmos de aplicación que se consideren para o seu caso concreto. Neste sentido, vemos necesario que cada Centro teña definido o seu Plan de Normalización, enmarcado no Proxecto Educativo do Centro e que se verá plasmado practicamente no Plan Xeral Anual do Centro.

3.8. * Do dito anteriormente despréndese que propugnamos un modelo que non contemple estratexias ríxidas na súa aplicación. Esas estratexias estarán adaptadas ás diversas e peculiares circunsancias de cada Centro ou zona.

4.- Proceso a seguir para a posta en práctica do modelo

4.1.- O papel da Administración Educativa

4.1.1* A Administración, de acordo coa plena asunción do modelo enunciada anteriormente, deberá facer a oferta do mesmo á sociedade galega en xeral, ás distintas comunidades educativas, ó profesorado e ó conxunto de organizacións que estean relacionadas co ensino, buscando unha real implicación de tódolos sectores.

Esa oferta do modelo deberá incluír, ademais dos obxectivos básicos a acadar, unha ampla información sobre o proceso a seguir e os medios para levalo á práctica. Asimesmo, esa información debe ser específica e adaptada a cada un dos sectores ós que vaia dirixida.

4.1.2* A Administración, con vistas á aplicación do modelo, debe crear unha estrutura descentralizada, na que se integrarían os distintos elementos do Equipo de Normalización no Ensino. Ese equipo sería o encargado de orientar, explicar, controlar e avaliar todo o proceso normalizador, en estreita colaboración cos Seminarios de Normalización de zona, que á súa vez estarían en contacto cos Seminarios de Normalización presentes en cada un dos Centros.

Isto supón un forte incremento nos recursos -humanos e materiais-, imprescindible para a posta en práctica do modelo.

4.1.3* A Administración debe favorecer, asimesmo, tódalas experiencias que supoñan un avance no proceso de normalización marcado polo modelo, potenciándoos na medida do posible.

Dentro desta favorecemento entra a necesaria garantía na continuidade destas experiencias, o que leva a considerar este factor á hora da asignación das correspondentes plantillas de persoal docente.

4.14* Interesará crear, dentro do modelo, as chamadas "Zonas Intensivas de Normalización" entendendo por tales aquelas en que a vontade dos membros das comunidades educativas existentes e a realidade socio-lingüística fan posible a axilización e a redución temporal do proceso normalizador xeral que se estableza.

4.15* A Administración debe estar en condicións de ofertar programas específicos de inmersión ás comunidades que así o soliciten. Naturalmente, isto implica a realización dunha oferta previa, de carácter divulgativo, que explique as múltiples vantaxes destes programas.

Cremos que estes programas de inmersión, de probada eficacia, deben ter unha forte presenza dentro do modelo. Como se sabe, trátase duns programas que se empregan para facilita-la instalación lingüística no galego dentro do ámbito escolar por parte de nenos de medios castelán falantes, e que teñen como premisas básicas o feito de que se desenvolven nos primeiros anos da escolaridade e a necesidade de que o contexto familiar do neno sexa favorable ós obxectivos do programa.

4.16* A Administración debe considerar, dentro do modelo, unha serie de factores imprescindibles para a aplicación con éxito do mesmo. Salientamos:

- un rigoroso plan de formación do profesorado, que se debe realizar sempre cos meirandes recursos técnicos e coa máxima proximidade á realidade e ó contexto docente dos implicados.
- un plan para a creación e difusión dos necesarios recursos e materiais didácticos que se prevén necesarios e que a realidade vaia demandando.
- a necesaria difusión da toda a información que a aplicación do modelo vaia xerando, coa correspondente avaliación. Ó tempo, a difusión de todas as informacións e experiencias que se están a facer en ámbitos lingüísticos semellantes ó noso.

4.17* Tamén debe a Administración, para a aplicación do modelo, implicar ás diversas Administracións Locais existentes, coordenando o seu labor educativo nesta dirección. Cremos que os Concellos galegos están chamados a xogar un importante papel na pos-

ta en práctica deste modelo.

4.2.- A aplicación do modelo nos primeiros anos da escolaridade

Entendemos por primeiros anos de escolaridade os que hoxe corresponden a Educación Preescolar e Ciclo Inicial de EXB, é dicir, o período que vai desde o comezo da escolarización ata os 8 anos.

4.2.1.* Pártese da evidencia de que en cada Centro existe unha situación sociolingüística específica. O Equipo de Normalización, en coordinación co Seminario de Zona e o propio Seminario do Centro será o encargado de definir cal é esa realidade sociolingüística do Centro, en colaboración coa comunidade educativa.

Así, cada ano elaborárase un estudo sociolingüístico do alumnado de novo ingreso no Centro. A pertinencia do carácter anual deste estudo ven dada porque se referirá sempre ós alumnos concretos que ingresan e porque se presupón que a realidade experimentará cambios dun ano para outro.

4.2.2.* Á vista dos datos obtidos, o Equipo de Normalización, en unión co Consello Escolar, determinará cal é a estratexia a seguir, definindo os correspondentes obxectivos parciais, ritmos e características das actividades a realizar en cada curso, conformando así o correspondente Plan de Normalización (que formará parte do Plan anual de Centro), plan que estará sempre enmarcado dentro dos grandes obxectivos definidos polo modelo galego de normalización.

4.2.3.* Será posible, en determinadas circunstancias, a elaboración dunha estratexia común para varios Centros dunha mesma zona, con características sociolingüísticas moi semellantes. Aparece así a posibilidade dun Plan de Normalización de Zona que, en calquera caso, respetaría sempre as particulares adaptacións a cada Centro concreto.

4.2.4.* De calquera xeito, a estratexia que defina cada Centro hai que entendela enmarcada non só nas grandes liñas definidas polo Modelo de Normalización aplicado, senón tamén por uns grandes principios de carácter psicopedagóxico.

Así, podemos partir do principio de que é preferible e desexable que o ensino sexa na lingua materna durante os primeiros anos da escolaridade. Pero este principio recibiu nos últimos anos numerosas matizacións, en función do status sociolingüístico que posea a lingua en cuestión e dos obxectivos lingüísticos que se pretendan acadar.

Dunha maneira sintética, diremos que o ensino na lingua materna é imprescindible cando esa lingua se atopa nunha situación minorizada socialmente (caso do galego). De non facerse así, produciríase unha situación de empobrecemento e minusvalora- ción afectiva da propia lingua, que conduciría ó abandono da mesma e á non adquisi- ción correcta da lingua máis prestixiada socialmente que se utilizase no ensino.

Pola contra, tódolos estudos indican que a situación é moi distinta no caso de nenos que teñen como lingua materna unha lingua que estea socialmente prestixiada. Neste caso, propúgnase o ensino na lingua materna ata que os nenos teñan adquirida unha competencia normal na mesma (é dicir, cando se trata de neños que presentan se- rios déficits lingüísticos, situación propia de ambientes desfavorecidos). No caso dos nenos que teñen unha competencia normal na súa propia lingua (a maioría deles), o ensino utilizando unha lingua distinta da materna non só non é perxudicial senón que é beneficioso, xa que permite manter uns niveis normais de competencia na lin- gua propia e ademais adquiri-la competencia necesaria na lingua da escola. De aí a importancia da divulgación e extensión dos programas de inmersión.

4.2.5.* Cinguíndonos xa ás catro realidades sociolingüísticas que definimos con anteriori- dade, vemos que:

-para os nenos do apartado a) -galego falantes- o ensino nestes anos debe ser na súa lingua, cunha iniciación no castelán (non se debe esquecer que estes nenos xa acadan un aceptable competencia en castelán pola maioritaria presen- cia social do mesmo).

-para os nenos do apartado b) -castelán falantes- cremos que caben dúas posibilidades: ou ben recibir-lo ensino na súa lingua materna, cunha progresiva introducción da lingua galega, ou ben seguir un programa de inmersión que favoreza a súa competencia no galego. A primeira opción parece recomendable para aqueles nenos que teñan algún déficit cultural e lingüístico.

Non hai que esquecer, de todos xeitos, que corresponderá ás familias decidir sobre unha ou outra opción. Porque convén lembrar que unha das premisas dos programas de inmersión é a valoración positiva do mesmo por parte da familia.

-para os nenos dos apartados c) e d) -castelán falantes aparentes nos dous casos- é evidente que, desde o punto de vista psicopedagóxico, o ensino en galego revélase como o máis aconsellable.

A última decisión, de calquera maneira, debe ser tomada pola comunidade educativa. Pero é nestes dous apartados onde se ve máis necesario un labor pedagóxico previo por parte dos Equipos de Normalización, dirixido ós membros desta comunidade educativa, explicándolles a racionalidade e as vantaxes pedagóxicas dunhas plena escolarización en galego.

4.2.6. * Ó remate do Ciclo Inicial, naqueles Centros que tiveron o galego como segunda lingua, débese ter conseguida unha certa competencia ne mesma, que garantice o suficiente nivel de comprensión necesario para facer posible a introducción dalgunhas materias en galego no Ciclo Medio.

4.3.- A aplicación do modelo nos restantes anos do Ensino Primario

Entendemos que esta etapa fai referencia ós anos que van dos 8 ós 12, que será a que na futura Reforma do ensino estea ocupada polos Ciclos Medio (8-10) e Superior (10-12).

4.3.1.* Haberá, obviamente, que distinguir dous casos ben diferenciados:

-os Centros que tiveron o ensino en galego nos primeiros anos, ben fose por-

que era a lingua materna dos nenos ou porque seguiron programas de inmersión. -os Centros nos que o ensino nos primeiros anos se desenvolveu en castelán, cunha progresiva introducción do estudio do galego.

4.3.2.* No primeiro caso, nos restantes anos do Ensino Primario consolidarase ese ensino en galego, coa introducción sistemática do castelán.

No segundo caso, inda que o castelán siga a ter importancia como lingua vehicular, o galego será obxecto de estudio específico e usarase como lingua vehicular nun determinado número de materias.

Este número de materias irase incrementando ó longo dos cursos. Inda que non parece aconsellable delimita-lo número nin as características desas materias, ^{si} parece convenientē inicia-la súa introducción con aquelas materias máis ligadas á área de experiencias, buscando unha meirande ligazón motivacional.

4.3.3.* En calquera caso, non se debe esquecer, á hora de deseña-lo tratamento normalizador desta etapa, que ó remate da mesma (12 anos) débese estar en disposición de da-lo salto á etapa na que o galego estea xa normalizado no ensino, tal como se indicou ó describi-las características básicas do modelo.

* ¡OLLO! Falta insertar un apartado referido á introducción dunha terceira lingua no Ciclo Superior de Primaria (10-12).

4.4.- A aplicación do modelo na Etapa Secundaria Obrigatoria.

Usamos xa a terminoloxía prevista para a implantación da Reforma do sistema educativo. Este novo tramo, a Secundaria Obrigatoria, abrangue desde os 12 ata os 16 anos, subdivididos en dous ciclos: 12-14 e 14-16.

4.4.1.* Nesta etapa, acadada xa na anterior a competencia lingüística suficiente por tódolos membros da comunidade educativa, o ensino desenvolverase totalmente en galego. Esta utilización do galego como lingua vehicular estará complementada polo estudio sistemático do castelán, dado o seu importante carácter de lingua de relación. Do mesmo xeito, o estudio da terceira lingua, iniciado nos dous últimos anos da

Educación Primaria, vese introducido aquí dun xeito sistemático.

4.4.2.* De todos xeitos, poderá ocorrer que ó chegar ó punto terminal definido (12 anos), haxa Centros nos que esa competencia lingüística non estea consolidada, non sexa suficiente. Neses casos haberá que prever que, durante o primeiro ciclo de Secundaria (12-14 anos) o ensino se desenvolva utilizando as dúas linguas como vehiculares e reforzando progresivamente aquela lingua na que haxa problemas de afianzamento (galego ou castelán). Enténdese que, incluso no máis lento dos casos, ó remate deste primeiro ciclo de Secundaria estaría acadado o punto terminal plenamente normalizador.

4.4.3.* Do mesmo xeito, na Etapa Secundaria Post-obrigatoria (Bacharelatos e Ensinanzas Técnico Profesionais), xa non existirá ningún problema obxectivo que faga inviable a normalización lingüística no ensino, que estará plenamente consolidada.

4.5.- Estratexia a seguir durante a etapa de transición

4.5.1.* Dado que o Plan empezará a aplicarse sistematicamente cos alumnos de novo ingreso no momento en que se decida a súa implantación, haberá varios cursos de alumnos (os que xa estean cursando os diferentes niveis educativos no momento de inicio do Plan) que non se poderán beneficiar plenamente do mesmo.

4.5.2.* Será función do Equipo de Normalización, en coordinación coas comunidades educativas correspondentes, o encargado de defini-las estratexias a seguir en cada caso, logo de analizadas as circunstancias concretas de cada un.
De calquera maneira, esta estratexia sempre terá en conta o punto de partida (maior ou menor grado de galeguización acadado ata aquel momento) e as liñas globais do modelo que se prevé, de maneira que se buscarán aquelas adaptacións que fagan posible un acercamento as pautas definidas polo Modelo.

4.5.3.* Así, nos actuais Preescolar e Ciclo Inicial debe, respetando o camiño xa andado, tenderse a solucións semellantes ás propostas anteriormente, inda que non se conte

co necesario estudio sociolingüístico de partida.

No actual Ciclo Medio, debe afondarse na liña xa iniciada na actualidade, consolidando o galego como lingua vehicular alomenos en toda a área de experiencias. Na Segunda Etapa actual débese prolonga-lo que vimos de propoñer para o Ciclo Medio incorporando o galego como lingua vehicular a outras áreas ademais da de Experiencias.

4.5.4.* En calquera caso, debe tenderse a unha progresiva galeguización, curso a curso, que permita conseguir o máis axiña posible ese momento terminal normalizador. Esta filosofía é a que debe guiar tamén o proceso nos actuais niveis de Ensino Medio (Bacharelato e Formación Profesional).

UNHA ESCOLA PÚBLICA GALEGA

Proxecto Educativo de NOVA ESCOLA GALEGA

DEFINICIÓN XERAL DO MODELO DE ESCOLA PÚBLICA GALEGA

- 1.- ESCOLA GRATUITA.
- 2.- ESCOLA PLURALISTA.
- 3.- ESCOLA DEMOCRÁTICA.
 - 3.1.- O Proxecto Educativo de Centro.
 - 3.2.- A Autonomía na Xestión do Persoal.
 - 3.3.- Autonomía na Xestión dos Recursos Económicos.
 - 3.4.- Autonomía do Centro na súa Organización Interna.
 - 3.5.- Territorialidade.
 - 3.6.- A Comunidade Educativa.
 - 3.6.1.- A participación dos alumnos e alumnas.
 - 3.6.2.- A participación dos pais e nais.
 - 3.6.3.- Centro e Comunidade.
- 4.- ESTRUCTURA DE TRONCO ÚNICO.
- 5.- CORPO ÚNICO DE ENSIÑANTES.
- 6.- GALEGUIZACIÓN.

Durante os anos 1987 e 1988 no seo de **NOVA ESCOLA GALEGA** elaborouse un documento de carácter estratéxico que servise para redefini-lo proxecto de **ESCOLA PÚBLICA GALEGA** que como M.R.P. vimos defendendo dende a nosa fundación . Froito deste traballo é o documento que presentamos.

A necesidade de redefini-lo noso proxecto

NOVA ESCOLA GALEGA estima que despois de varios anos de traballo do noso M.R.P .(formado en 1983) pola converxencia de diversos colectivos pedagóxicos sectoriais . cumpría defini-lo noso proxecto educativo estratéxico de cara a acadar unha **escola pública galega de calidade.**

Creemos que a propia realización deste documento contribuiu a unha maior maduración do noso colectivo , desprazando as nosas actividades cara un terreo de maior incidencia na política educativa e de maior rigor e fundamentación teórica das nosas prácticas escolares .

Esperamos que este documento redunde nun **Documento de Síntese** que sexa apoiado masivamente por tódolos colectivos favorables á renovación pedagoxica : MRPS , Sindicatos de Ensinantes , Federacións de APAS , Asociacións Estudiantis ,Partidos políticos e outras asociacións . Servindo de referencia para todos aqueles que en Galicia queremos , salvando os nosos diferentes prantexamentos ideolóxicos , políticos e sindicais , ou meramente colunturais , unha **ESCOLA PÚBLICA GALEGA .**

DEFINICION XERAL DO MODELO DE ESCOLA PUBLICA GALEGA

O modelo de Escola Pública Galega que se propón quere ser unha alternativa ás institucións e ó modelo educativo selectivo e discriminatorio actual, caracterizado, entre outras notas, pola dicotomía de escolas estatais e privadas existentes hoxe. É este un fenómeno que -en contra do mito da igualdade de oportunidades educativas- resulta ser unha expresión visible da función social reproductora da desigualdade social e cultural que o sistema educativo veu desempeñando. É tamén expresión visible da intervención dos actuais sectores hegemónicos con vistas a asegurarse a súa propia hegemomía social e ideolóxica no contexto dunha sociedade segregada, feblemente democrática e globalmente inxusta.

Consideramos que o Sistema educativo é un **servicio público** de fundamental importancia para todos, polo que o ensino non pode ser considerado coma unha fonte de beneficio particular, nin como un instrumento de control ideolóxico ou social, contrario ó desenvolvemento expansivo da democracia con alcance para tódolos cidadáns. O proxecto de **Escola Pública** que definimos quere oporse ó papel reproductor da desigualitaria e inxusta estrutura social como ata hoxe e implicitamente se lle asigna ó sistema educativo.

Definimo-la escola pública como:

Servicio fundamental de educación que os poderes públicos estruturan e administran para garanti-lo dereito de tódolos cidadáns a recibir unha educación de calidade, para permitir e posibilita-lo seu óptimo desenvolvemento integral no marco dos seus específicos contextos.

Consideramos que as características irrenunciabíes do modelo de ESCOLA PÚBLICA GALEGA son : gratuidade, pluralismo, xestión democrática, estrutura nun tronco único curricularmente unificado, a existencia dun corpo único de ensinantes e a galeguización do sistema educativo.

1.- Escola Gratuita

Entendemos por escola gratuita aquela que asegura unha escolarización total e de calidade para tódolos cidadáns galegos dende o nacemento ata, alomenos, os dezaseis anos.

A mellora da calidade do ensino público esixe medios económicos suficientes para compensa-lo abandono no que estivo e segue a estar a rede escolar pública, tanto en equipamentos, como en material e medios didácticos e tamén para emprende-las oportunas accións encamiñadas á progresiva superación dos desequilibrios territoriais hoxe existentes na oferta escolar.

Os fondos públicos deben ser para a escola pública. A gratuidade no só se refire á escolarización senón a tódolos elementos necesarios para levar unha práctica educativa de calidade : material escolar, libros, transporte e comedores escolares ...

Non podemos aceptar como principio de actuación pública o desvío de fondos públicos a centros privados , como fórmula establecida de xeito definitivo pola LODE , que concede financiación a fondo perdido e sen contrapartida algunha referida á inserción progresiva dos centros concertados na rede escolar pública . Non podemos aceptar que con fondos públicos se patrocinen investimentos ideolóxicos privados . A escola que defendemos rexeita calquera imposición de idearios ou "caracteres propios" en tanto que patrón ou modelo axiolóxico , interpretativo e educativo único , contraposto ó concepto de **proxecto educativo** , deseñado dende o pluralismo desexable para todo centro escolar .

Consideramos que a escola pública é un **modelo educativo** de superior valor para todos . Non é un simple modelo subsidiario da iniciativa privada , nin tampouco unha fórmula asistencial para os alumnos/as de zonas ou sectores socialmente máis desfavorecidos .

No futuro deberá haber unha única rede escolar . A concertación escolar deberá desaparecer , integrándose os seus centros nunha única **rede escolar pública** . Polo mesmo , consideramos que deberá facilitarse con urxencia , o acceso dos centros privados , que cumpran unhas condicións de calidade homologables e teñan vontade de integración , na rede escolar pública . Baixo ningunha condición deberá establecerse unha segunda rede escolar pública .

2.- Escola Pluralista

Entendemos por escola pluralista aquela que introduce ós alumnos na realidade social , dende a análise crítica e o respecto ás distintas e válidas filosofías interpretativas e de actuación .

Nunha sociedade democrática a escola fará coñecer ós alumnos/as as diferentes visións e opcións e ha de darlles progresivamente a metodoloxía para analiza-la realidade social , co que poder así transformala , dende comportamentos conscentes e autónomos .

Consideramos que a escola deberá estimular no alumno/a os valores propios dunha sociedade democrática : a solidariedade , o respecto polo outro/a , as actitudes de diálogo , o espírito crítico , a cooperación , a responsabilidade . Valores todos eles que en ningún caso son delegables .

A escola hebrá de estar vencellada á realidade social e cultural da nosa nación e por tanto deberá transmitir uns contidos e estimula-la xeración de contidos , valores e actitudes propicios para formar persoas que se sintan dignamente orgullosos de ser cidadáns galegos e posuidores dunha específica identidade colectiva e recrearse no día a día e no concerto da pluralidade cultural mundial .

Unha escola pluralista é tamén unha escola laica , onde no se poderá educar na fe relixiosa , o que non debe impedir , senón todo o contrario , informar e formar nos aspectos socio-culturais pertencentes á historia e cultura das

relixións , para que os alumnos/as acaden a precisa capacidade interpretativa cultural e social , tanto en relación co pasado como o presente .

Unha escola pluralista garantirá a liberdade de expresión dos alumnos/as e dos profesores/as (a súa liberdade de cátedra) . Os docentes han de poder traslucir as súas ideas políticas , sociais ou relixiosas e a súa axioloxía , sen por isto adoutrinar . Ningún ensinante será discriminado por mor das súas conviccions , sempre que fosen manifestadas con respecto para os outros/as e particularmente para os alumnos/as en formación , o que esixe sempre unha posición de relativización . Os alumnos/as han de poder ter medios e oportunidades reais para o exercicio da súa expresión libre . Só as actitudes e concepcións antidemocráticas han de ser afastadas da escola.

Unha escola pluralista non é unha escola neutral . É unha escola que educa na paz e para a paz . Que potencia a análise e a crítica social . Contraria xa que logo a toda manifestación de violencia real ou simbólica , contraria , pois , a toda manifestación de marxinação . Contraria , por isto tamén , á violencia lingüística por mor do exercicio da comunicación e expresión en galego .

É tamén unha escola non sexista e coeducativa , potenciadora do desenvolvemento das persoas e que polo tanto combate os roles sexuais establecidos pola sociedade patriarcal . A escola pública debe emprender unha acción coeducadora no camiño de supera-la discriminación das mulleres : que non contribúa a crear diferentes expectativas

para nenos e nenas ; que non faga unha xerarquia entre valores "mascullinos" e "femininos" , recollendo , ó contrario , o que teñen ambos dous de positivo para os dous sexos ; será así unha escola que posibilite unha verdadeira educación para a igualdade.

Unha escola pluralista é integradora da diversidade , que loita contra a marxinação e todo tipo de discriminacións sociais , que acepta no so as diferencias senón que promove o respecto cara a singularidade . Unha escola pluralista e non discriminatoria poderá ser un mecanismo "compensador de desigualdades" , presentando obxectivos comúns para todos , con xeitos diversos de acadalos , asegurando uns mínimos para todos/as.

Unha escola pluralista deberá de asumir e valoralas diferencias , xa que a formación dos cidadáns para unha sociedade pluralista esixe que a escola tamén o sexa .

A escola pública deberá de estar aberta a potencia-la integración normalizada dos nenos e neas que presentan diminucións físicas , psíquicas ou sensoriais .

3.- Escola democrática

A garantía dunha escola pluralista radica na súa organización , control e xestión democrática .

A escola pública que queremos ha de estar xestionada democraticamente polas respectivas comunidades educativas . Profesores e profesoras , persoal non docente , alumnos e alumnas , pais e nais , e mesmo outros sectores , segundo os casos , deben participar na súa planificación , xestión e control , tanto do económico como das tarefas realizadas dentro do sistema educativo e das súas institucións .

Para que esta planificación sexa real é de fundamental importancia que o modelo de escola pública se concrete en cada territorio .

A escola pública require a autonomía de cada centro para organizar e xestionar os seus recursos , o que esixe a máxima participación de tódolos estamentos implicados , o autocontrol e a administración dos recursos de cada centro .

Unha escola democrática é unha escola **participativa** . A participación dos diferentes estamentos é o instrumento que conforma a **comunidade educativa**. A escola **participativa** presupón:

- **corresponsabilidade:** tódolos membros da comunidade sintense responsables da tarefa común , dende os aspectos máis particulares (a actividade da aula ou grupo-clase) ós máis xerais (a elaboración do proxecto educativo e do plan anual). Esta corresponsabilidade non debe de

presupoñer que tódolos membros da comunidade educativa interveñen no proceso escolar co mesmo grao de responsabilidade : non xoga o mesmo papel o profesor/a có alumno/a ou có pai ou nai.

- **cooperación:** partindo da elaboración dun proxecto educativo consensuado , todos están dispostos a adicarlle os seus esforzos para velo cumprido . Nesta liña débese saber recoñecer as aportacións de cada un para que non sexan excluíntes .

- **coordenación:** como toda acción dun grupo ha de estar encauzada para acadar unha unidade de acción cara o obxectivo común . Emprobeceríase moito o concepto de coordinación se se deixa nun simple nivel de intercambio de información sobre o que fai cada estamento .

Unha escola democrática ten graos elevados de **autonomía:** para a xestión dos seus recursos económicos , para a xestión do seu persoal , para a elaboración e aprobación do seu proxecto educativo , para a súa organización interna e a súa relación co seu contexto próximo .

3.1.- O Proxecto Educativo de Centro

Compre que no ámbito pedagoxico institucional , cada escola teña a posibilidade de concretar o seu Proxecto Educativo específico , orientado cara os valores democráticos , pola súa propia estrutura organizativa e polo seu contexto .

No proxecto educativo explicitaranse os obxectivos , os valores , as formas de relación interpersonal , os aspectos organizativos e pedagóxicos básicos que configuran a actividade escolar , con respecto , en todo caso , a súa articulación e integración no sistema educativo propio de Galicia e tamén da estrutura curricular común vixente e homologada pola sociedade .

Consideramos que corresponde ó Consello Escolar , como órgano de representación de toda a comunidade educativa , a aprobación deste proxecto educativo , que debe ser elaborado , debatido e asumido polo claustro , como órgano de carácter técnico pedagóxico do centro .

O proxecto educativo debe ser froito do consenso de diversas opinións e sensibilidades , de xeito que respete o pluralismo , e poda ser asumido polo conxunto dos implicados.

O proxecto educativo dun centro non pode ser ideolóxico , pero si debe definir , respetando o pluralismo interno , as opcións e valores que se tratan de promover . A escola pública , como xa se apuntou , é laica pero non neutra .

Do proxecto educativo derivanse o Plan Anual do Centro e o Regulamento de Convivencia.

3.2.- Autonomía na xestión do persoal

A autonomía na xestión do persoal é fundamental para asegurar a autonomía do centro e a continuidade do proxecto educativo . As formas de articular esta autonomía están por discutir e moito terán que dicir sobre isto os sindicatos d

profesores .

Como criterio inicial , cremos que sempre se deberían antepó-las necesidades pedagóxicas dos centros escolares ós privilexios posibles dos funcionarios docentes . De contado , nesta liña , haberá que modifica-lo sistema de adscrición dos profesores os centros públicos , promovendo novos sistemas como os concursos por equipos pedagóxicos. Este é un problema complexo que deberá ser máis perfilado no futuro.

3.3.- Autonomía na xestión dos recursos económicos

Os centros deben ter capacidade para elaborar un presuposto anual, que debe ser asumido pola Administración .

A autonomía financeira é outro recurso co que conta o centro para asegura-la viabilidade do seu proxecto educativo. A pesar da autonomía , a Administración Educativa debe asegurar unha transparencia estricta na xestión económica de cada centro , función da que se debe ocupa-lo consello escolar .

3.4.- Autonomía do centro na súa organización interna

Derívase do proxecto educativo de cada centro . Cremos imprescindible unha flexibilidade dos modelos organizativos. Neste senso rexeitámo-lo modelo uniformista que propón a LODE, que debe ser superado .

Especial interese ten pular pola constitución de verdadeiros equipos docentes , en canto motoeres dun determinado proxecto educativo . Rexeitámo-lo modelo proposto pola LODE , por destaca-la figura do Director , como órgao unipersoal , cunhas funcións xerárquicas moi

importantes , e por non ter contempladas outras posibilidades para o exercicio da dirección e do liderazgo nos centros educativos .

3.5. Territorialidade

O modelo de escola pública esixe unha nova organización da administración educativa . Cremos que na procura da escola pública a Administración Educativa galega habería de atender a :

- Presencia dun aparato central desconcentrado e organizado desde un enroque de departamentalización funcional.
- Proceso paulatino de descentralización , co recoñecemento do positivo papel que podan xogar as **Administracións Locais** e a propia administración dos centros escolares.
- Activación dos procesos de participación e xestión social democrática.

Nesta orientación cremos que a territorialización da Administración Educativa esixe que a participación social se estableza a diversos niveis: a nivel nacional, **Consello Escolar de Galicia** ; a nivel comarcal , **Consellos Escolares Territoriais**; e a nivel municipal, **Consellos Escolares Municipais** . A esta estrutura participativa engadiríamo-la coordinación pedagóxica entre os centros próximos , como un elemento complementario a súa autonomía .

Crems que é imprescindible unha redistribución do equipamento escolar , de xeito que se axuste ás

peculiaridades xeográficas e sociais da nosa Comunidade , con especial incidencia e atención cara a Escola Rural , que constitúe en si un verdadeiro subsistema educativo . Sen resolve-lo problema da escola rural en Galiza non se democratizará definitivamente o sistema educativo .

A descentralización da Administración Educativa deberá acometerse acorde coa nova ordenación territorial de Galiza. Será imprescindible a creación de novas unidades administrativas (zonas ou distritos escolares) dotadas dos recursos persoais e económicos suficientes , capaces de proporcionar unha visión das necesidades educativas e pedagóxicas , como tamén de realizar unha xestión que lles permita coordinar tódolos recursos educativos (Equipos psicopedagóxicos , Centros de Recursos , Centros de Formación de Profesores , Inspección Educativa...) , mellora-los servicios e proporcionar canles de participación ós cidadáns .

3.6.- A Comunidade Educativa

Entendemos que a comunidade educativa está formada por aquelas persoas que están implicadas e participan no proceso educativo : os alumnos e alumnas , os profesores e profesoras , os pais e nais , o persoal non docente , a comunidade na que está inserto o centro -barrio, municipio ou comarca- , e a comunidade cultural máis ampla da que forma parte .

Considerámo-la comunidade educativa coma un conxunto do que forman parte os membros dos estamentos anteriores , aínda que uns e outros teñan importancia diferente , en

función da maior ou menor implicación directa co traballo especificamente educativo .

3.6.1.- A participación dos alumnos e alumnas

Entendemos que o grupo-clase de alumnos e alumnas é a primeira comunidade educativa . A participación dos alumnos/as constitúe , en si mesmo, un feito educativo , unha parte da súa formación como cidadáns .

A participación dos alumnos non debe abranguer só a súa presenza no Consello Escolar de Centro (actualmente restrinxida , tanto cuantitativa como cualitativamente, e que no futuro deberá ser ampliada e potenciada), senón tamén na activade educativa e no movemento asociativo .

Esta potenciación da participación dos alumnos/as debe pasar pola potenciación das súas Asociacións e pola creación de novas estruturas participativas dentro do centro (como ben poden ser os **Plenarios** de delegados de alumnos e dos seus representantes no Consello escolar de Centro).

O fundamental na participación dos alumnos/as é entender que esa participación é algo real e non gratuito , e que debe estar regulada , de xeito que non dependa das veleidades ou benevolencias dos adultos .

3.6.2.-A participación dos pais e nais

Consideramos necesario potencia-la participación dos pais e nais dentro da escola . Cuestión esta que en Galiza non foi sempre ben entendida por diversos sectores do profesorado . Asumindo que hai e haberá contradicións en diversas cuestións , isto non debe impedir , en absoluto, a

súa participación na xestión dos centros, como un xeito de asegura-la continuidade educativa entre o centro e o seu entorno . Xunto a isto cremos que de xeito xeral , á vez que flexible, na prioridade da defensa do Proxecto educativo elaborado polo claustro , e debatido e aprobado por toda a Comunidade Educativa .

Haberá que vence-los receelos mutuos entre pais/nais e profesores/as , que non amosan máis ca incapacidade que a escola tivo de adoptar un modelo de intervención sobre as actitudes de ambos os dous colectivos . Haberá que facer un esforzo por chegar a unha linguaxe común , a uns puntos de converxencia . Entre os dous colectivos non debe haber temas vedados , senón distintos niveis de participación na execución das decisións , sen que isto menoscabe , por outra banda , a necesaria conquista da autonomía por parte dos estudantes e a propia autonomía docente , en canto que exercicio socialmente reconecido e sometido a dereito público .

A participación dos pais e nais debe abranguer tamén o nivel do grupo-clase, considerando esta nova orientación coma unha ferramenta de dinamización pedagóxica de primeiro orde .

3.6.3.- Centro e Comunidade

As relacións entre o centro e a súa comunidade , tradicionalmente , se lle concedeu pouca importancia . No futuro haberá que invertir esta tendencia . Para isto poderíase:

- Facer que cada centro se convirta nun foco cultural que potencie todo tipo de actividades de e para a comunidade .
- Ter en conta o medio como obxecto de estudio , favorecendo unha visión critica do mesmo que axude a que os rapaces e rapazas que viven ali o coñezan en profundidade e teñan , polo tanto , capacidade de transformalo .
- Colaborar con outros colectivos que existan na Comunidade (asociacións de diverso tipo : civicas , culturais ; de lecer..)

4.- A estrutura de tronco único

O modelo de Escola Pública Galega propón un tronco único de escolaridade obrigatoria, dende o nacemento ata, alomenos, os dezaseis anos, cunha única titulación o seu remate.

Consideramos que deberán ser requisitos deste tronco único:

- A unificación dun sistema pedagoxicamente coherente en todos os seus períodos educativos e que non introduza seleccións intermedias.

- O tronco único deberá respectar as diferencias dos alumnos/as e a autonomía dos centros, de acordo cos criterios de flexibilidade (en canto á organización interna dos centros); único (non deberán existir subsistemas paralelos); progresivo e non selectivo; que respecte a evolución madurativa dos alumnos/as e considere as súas condicións sociais; coherente (en canto ó desenvolvemento das capacidades) e ordenado (en canto ós procesos a desenvolver).

Consideramos que o tronco único obrigatorio do ensino público galego non debe ter carácter propedéutico, o non estar ordenado nin ser dependente dos contidos e obxectivos dos niveis educativos non obrigatorios.

Este tronco único debería estruturarse, a súa vez, en catro ciclos de carácter terminal: 0-3 anos, 3-8, 8-12 e 12-16. Estes ciclos respostan a ciclos evolutivos e

permiten unha adaptación e unha maior flexibilidade con respecto das capacidades de aprendizaxe dos alumnos/as.

5.- Corpo Unico

O modelo de Escola Pública Galega aspira a que o Tronco Unico do ensino obrigatorio sexa impartido por un corpo único de ensinantes.

Consideramos que para acadalo todos os profesores haberán de recibir unha mesma formación universitaria, na que se combinen axeitadamente a dimensión científico-cultural coa pedagóxica, ademáis de establecerse un novo sistema de acceso común.

Cómpre adquirir unha nova visión social sobre o rol ou función social dos profesores/as, independentemente do ciclo de formación no que desenvolvan a súa profesionalidade.

Nesta mesma perspectiva, cobra un vigor renovado a necesidade dunha eficaz e cualificada formación permanente e en servicio do profesorado, como condición xustamente da plasmación do novo Proxecto de Escola Pública Galega.

A formación permanente do profesorado habería de responder prioritariamente ós seguintes criterios:

- Os Plans de formación deben ter un carácter territorial (ó nivel de zona ou distrito escolar) e vencellados á elaboración dos proxectos educativos de centro.

- A formación permanente haberá de realizarse dentro do horario lectivo laboral do profesorado.

- Os profesores deberán poder participar na

xestión da súa propia formación .

- Conecta-la formación inicial coa permanente.
- Coordena-la oferta de formación de difentes instancias e institucións (Consellería, Concellos, Universidades, MRPS) de xeito que en cada distrito ou zona escolar haxa un único Plan de Formación.
- Contar co apoio de recursos humanos e materiais da Universidade .
- Deben primarse as actividades encamiñadas a favorece-lo contacto entre grupos e colectivos de profesores de cara ó desenvolvemento de actividades de formación horizontal (reflexión colectiva, intercambio e difusión de experiencias pedagóxicas...), do tipo de seminarios, grupos de traballo , encontros ou xornadas...

6.- Galeguización

Da tradicional situación da máis absoluta marxinación da lingua galega socialmente e así tamén no ensino pasamos a un tempo de recoñecemento legal anque insuficiente que aconsella como imprescindible a elaboración dun modelo procesual e das estratexias precisas e planificadas , para poder camiñar cara á normalización do sistema educativo galego .

A normalización lingüística no ensino é un obxectivo imprescindible para a consecución dunha escola democrática e integradora . Esa normalización non se vai acadar dun xeito espontáneo ou voluntarista ; precisa dunha planificación , deseñada e asumida polo sistema educativo . Precisa dun modelo de normalización.

Este modelo debe ter en conta a complexidade da realidade actual , e nel deben estar contempladas as grandes liñas polas que debe discorre-lo proceso normalizador , así como a temporalización das mesmas.

Se de verdade se quere conseguir que o sistema educativo faga ós alumnos competentes nas dúas linguas oficiais , paso imprescindible para a normalización lingüística , é preciso que haxa unha forte discriminación positiva a favor da lingua socialmente minusvalorada , posición que , na nosa sociedade diglósica , é ocupada polo galego . E esa discriminación positiva precisa dun modelo oficial normalizador , que debe incluír , as estratexias necesarias para a súa aplicación , e ademais as grandes

liñas de actuación social destinadas ó conxunto da sociedade , buscando unha actuación pedagóxico-divulgativa sobre a necesidade do modelo . Actuación que , ó tempo , serviría para contrarrestar tódolos aprioris e falsos conceptos que a situación diglósica relaciona coa nosa lingua e , por extensión , coa súa utilización no ensino .

Porque non hai que esquecer , finalmente , que só na medida en que unha comunidade linguística e cultural estea disposta a mante-la súa identidade a pesar de se integrar nunha estrutura social e cultural máis ampla , poderá establecer e facer seu un sistema educativo no que o tratamento das linguas non poña en perigo a súa propia identidade , senón que favoreza o seu mantemento e consolidación .

Entendemos que en Galiza coonsegui-la normalización linguística no ensino supón chegar a unha situación na que , a partir dunha certa idade , a lingua de instalación no ámbito escolar sexa o galego . Isto presupón que a competencia linguística de tódolos seus membros , alomenos a partir de esa idade , é suficiente para permitir esa situación .

Esta consideración da lingua galega como lingua de instalación debe verse complementada pola adquisición do dominio do castelán por parte de tódolos escolares , como lingua de relación no Estado español . Asimesmo , o sistema educativo terá que garantir a aprendizaxe dunha terceira lingua , en atención ó logro dunha educación plurilingüe demandada pola realidade e o contexto social .

Consideramos que a galeguización do ensino é un proceso , e como tal debe atender á realidade sociolingüística presente na sociedade , e que debe ter unha cuidadosa planificación e aplicación de acordo cun modelo de normalización , que sirva como modelo teórico do proceso .

Santiago xaneiro 1989

NOVA ESCOLA GALEGA E A REFORMA EDUCATIVA

Neste momento de debate social en torno á necesidade e orientacións da reforma estrutural e curricular do sistema educativo español, suscitado polo Documento de Proposta de Reforma presentado polo MEC e unha vez que na propia Asociación tivemos dous Encontros de Debate ó longo de 1988 non é doado sinteticamente sinalar aquelas consideracións que nos parecen máis oportunas. De todos os xeitos, entre elas, indicariamos:

1.- Hai abondosos aspectos da Proposta que valoramos positivamente como tamen así aparece polo regular no espazo social. Son por outra parte aspectos presentes nas reivindicacións e na alternativa da **Escola Pública** que defendêmo-los movementos de renovación pedagóxica e que agora por primeira vez a Administración acolle.

2.- A posta en marcha do Proxecto de Reforma estrutural e curricular do Sistema Educativo esixe previamente o establecemento dun **programa de funcionamento económico**, así como a resolución dos graves problemas aínda existentes de escolarización, infraestructura e recursos.

3.- A **educación infantil** debe ser obrigatoria, polo menos dende os tres anos de idade, sendo conveniente a existencia dunha única rede de centros públicos de educación infantil, debendo as Administracións Locais asumir competencias na creación de tal rede. O seu profesorado deberá estar

especializado , sendo a relación media profesor / alumno menor de 20 .

4.- O ensino primario debe ter un forte carácter instrumental para todos os alumnos/as , debendo procurarse a promoción automática dos alumnos/as , na perspectiva da escola integradora , o que supora , sen embargo , un intenso traballo dos profesores/as colaborando en equipos de ciclo , cunha directa implicación en sinala-la necesidades formativas dos nenos/as e no deseño das adaptacións curriculares , dende a orientación do curriculum aberto e sobre a base do Proxecto Educativo de cada centro e/ou zona escolar .

5.- A educación secundaria obrigatoria debe concebirse como etapa única e para que teña valor propio cómpre dotala de unidade de centro e profesorado , que debe ser especialista , con predominio do carácter comprensivo , ofrecendo , pois , unha formación fundamentalmente atenta ás necesidades culturais dos adolescentes .

6.- Cómpre crear sectores territoriais , distritos ou comarcas que comprenderán en cada caso , un conxunto de medios , centros e infraestructuras axeitados e suficientes para escolariza-la súa respectiva poboación entre os 0 e os 18 anos , de xeito equilibrado , evitando as discriminacións que as zonas rurais puideran padecer diante das distintas opcións do Bacharelato .

7.- A Educación Técnico-Profesional debe ofrecerse dende intachables condicións de escolarización , ofrecendo a gama de especialidades requeridas polo desenvolvemento global e óptimo da sociedade e da economía galegas .

8.- Os profesores deben ter moi importantes capacidades de intervención decisoria no deseño das adaptacións curriculares e dos proxectos curriculares , para o que hai que potencia-los departamentos , seminarios e equipos de ciclo dos centros .

9.- Na perspectiva da elaboración do currículums por desenvolvemento cómpre unha constante formación do profesorado baseada na reflexión e na investigación sobre a propia práctica educativa cotián , así como o mantemento do diálogo e do consenso dentro dos equipos pedagóxicos , como medio de avance dos proxectos curriculares , de transformación da escola e de asegura-la autonomía do centro. Estes deben dispór de Proxectos Educativos , aprobados no marco dos Consellos Escolares , e como marco contextual inmediato dos proxectos curriculares , sen por isto perder de vista a necesidade de intensifica-la coordinación .

10.- Precísase un radical cambio nas concepcións e metodoloxía actual da avaliación . A avaliación de procesos frente o modelo de avaliación selectiva é unha orientación

sobre a que será preciso incidir amplamente dende os programas de formación do profesorado .

11.- As actividades de perfeccionamento que se desenen no Plan Galego de Formación do Profesorado , que compre por en marcha de contado , deben realizarse preferentemente dentro do horario lectivo dos profesores .

12.- Os Gabinetes Psicopedagóxicos , caso de non existir a nivel de centro , deben atender a zonas de áreas xeográficas reducidas . En tódolos centros debe haber Departamentos de Orientación , convenientemente dotados , debendo os orientadores incardina-la súa actividade no proxecto educativo do centro e no conxunto dos profesores .

13.- O emprego da lingua galega como lingua de aprendizaxe e vehicular no conxunto do sistema educativo é unha lexitima e pedagoxicamente correcta orientación a perseguir , cara a conquistar , integradoramente , unha plena galeguización educativa .

14.- A integración educativa daqueles escolares con necesidades educativas especiais pode ser unha boa orientación se os profesores do centro contan cos recursos necesarios , coa formación específica e co apoio do equipo psicopedagóxico ; se a ratio de aula de integración é reducida , o equipo de profesores é estable , se non hai barreiras arquitectónicas e se conta cos equipamentos


específicos .

15.- En virtude de todo o anterior , a **Comunidade Autónoma de Galicia** debe poder intervir no **deseño curricular base** , así como poder desenvolver e amplia-las súas competencias educativas para poder deseñar curriculums axeitados e afrontar-lo conxunto da Reforma do sistema educativo en Galicia con plenas garantías de adecuación contextual , social e cultural .

16.- Cómpre que a **Consellería de Educación** intensifique tódolos esforzos propios , políticos , técnicos e administrativos conducentes a implantación racional da reforma educativa en Galicia , en diálogo aberto e transparente cós sectores sociais protagonistas do presente e da renovación educativa en Galicia .

17.- **NOVA ESCOLA GALEGA** entende que debe aportar unha permanente contribución teórico-práctica para a mais fonda reforma educativa , por medio de iniciativas diversas (a nivel de centros e dos ensinantes , de publicacións , de debates...) , na procura da consecución dunha **Escola Pública Galega**.

Santiago xaneiro 1989



A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

